

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA DE A CORUÑA (ACLAD) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS.

Santiago de Compostela, a 12 de marzo de 2019

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Miguel Carlos Plaza Cancela, presidente da Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD), con NIF: G-15037187, que actúa en nome e representación dela.

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección, segundo o Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, asumiu as funcións asistenciais que se lle asignaban ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

TERCEIRO. Que a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD) é unha asociación privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de intervención e asistencia a condutas adictivas prioritariamente de carácter sanitario e que conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

Neste sentido, os dispositivos asistenciais da asociación contan coa debida autorización segundo o establecido na normativa vixente en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios e de asistencia as drogodependencias na comunidade autónoma galega.

A Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD) cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO. Que ambas as dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

Tendo en conta o exposto, ambas as dúas partes consideran necesario o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Cidadá de Loita contra a Droga de A Coruña (ACLAD), de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos derivados de uso de drogas atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período na súa área sanitaria de referencia respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade e actuará de xeito coordinado co resto de dispositivos de atención ás adiccións e de saúde mental da área sanitaria.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles, e a enfermidade mental (patoloxía dual).

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos/as profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

SEGUNDA. A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos/as profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades das persoas beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 10% da contía total concedida.

Aplicaranse o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a

contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA. A Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD) comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Realizar os rexistros necesarios do historial do/a paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste.
- c) En caso de producirse denegación de solicitude de admisión ou de entrada ou reentrada a algún programa (unidade de día ou comunidade terapéutica), remitir a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial no prazo de 10 días naturais unha memoria xustificativa onde se faga constar o motivo desta.
- d) Deberán ter actualizados os rexistros e sistemas de información de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial con periodicidade semestral, en soporte electrónico, un informe no que se recollan os resultados mensuais dos seguintes indicadores:
 - 1. O número de admisións (diferenciando homes e mulleres) na Unidade Asistencial de Drogodependencias, diferenciando novas admisións e readmisións.
 - 2. O volume de pacientes homes e mulleres a tratamento en UAD, UD y CT (unidade asistencial, unidade de día e comunidade terapéutica).
 - 3. O tempo medio de espera para inicio de tratamento en UAD, UD y CT.
 - 4. A estadía media en programas da unidade de día e comunidade terapéutica.
 - 5. O número de persoas usuarias homes e mulleres derivados a programas de desintoxicación hospitalaria, indicando o tipo de programa que se solicitou.
 - 6. O número de persoas usuarias homes e mulleres derivados a vivendas de apoio ao tratamento.
 - 7. O número de accións formativas comúns e integradoras para os/as profesionais

de saúde mental e trastornos adictivos.

8. O volume de pacientes homes e mulleres en programa de patoloxía dual.
 9. O número de admisións homes e mulleres segundo dispositivo de procedencia (Desde Atención primaria, saúde mental, outros servizos do Servizo Galego de Saúde, centros penitenciarios, servizos sociais, iniciativa propia).
 10. O número de pacientes homes e mulleres con programas de intervención psicosocial (PIP)/número de tratamentos iniciados.
- e) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
 - f) Comunicar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.
 - g) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.

CUARTA. No desenvolvemento da súa actividade a entidade e os seus profesionais axustaranse á lei de protección de datos e as instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Facilitarase por parte do Servizo Galego de Saúde un aplicativo informático específico para a xestión de datos xerados no desenvolvemento dos programas terapéuticos, cumprindo estritamente coa normativa en materia de cesión de datos e aplicando as medidas de seguridade pertinentes.

QUINTA. Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de un millón cincocentos vinte e tres mil cento corenta e catro euros (1.523.144 €), con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.00, co código de proxecto 201400026, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para a ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

SEXTA. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SÉTIMA. A contía indicada na cláusula quinta farase efectiva do seguinte xeito:

Tras a sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do mesmo, poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo a súa xustificación por un importe de ata un máximo do 25% da contía total do convenio, que a asociación deberá solicitar presentando a seguinte documentación:

- A solicitude do pago anticipado.
- A memoria descritiva das actividades a realizar durante a vixencia do convenio.
- A declaración responsable sobre a titularidade de conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.
- A declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no Anexo 3.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando as facturas e demais documentos de valor probatorio e a documentación acreditativa de pago que xustifique que os gastos foron efectivamente pagados e ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes. Esta relación ordenada de gastos se documentará segundo o modelo indicado no Anexo 1.

A data límite e improrrogable para presentar a solicitude e documentación dos pagos parciais será o 15 de Outubro de 2019.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se houberan concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

OITAVA. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Os orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes.

b) A declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.

c) A certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.

d) A declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. **A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2019.** De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.
2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. No caso de apreciarse defectos enmendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

NOVENA. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados e efectivamente pagados dende o 1 de decembro de 2018 ata o 30 de novembro de 2019 e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estrictamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: coste total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das cuantías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

DECIMA. Con data límite 15 de xaneiro de 2020, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo primeira.

DÉCIMO PRIMEIRA. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO” (PR004A) dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO SEGUNDA. Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dúas persoas representantes da Asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO CUARTA. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Asociación Cidadá de loita contra a droga de A Coruña que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA. A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SÉTIMA. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO OITAVA. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**POLA ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA
CONTRA A DROGA (ACLAD) DE A
CORUÑA**

Asdo.: Jesús Vázquez Almuiña

Asdo.: Miguel Carlos Plaza Cancela

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias e tipo de contrato.
3. Actividades realizadas:
 - Pacientes atendidos no ano natural.
 - Medidas de coordinación establecidas con outras entidades do ámbito das adiccións da área sanitaria de referencia (dispositivos asistenciais ou de intervención social, dispositivos de atención a saúde mental e de atención primaria, entidades adicadas ao desenvolvemento de programas de intervención xurídico social e outras coas que se traballe en rede para a atención integral dos pacientes obxecto do presente convenio) detallando a frecuencia aproximada.
 - Actividades de investigación publicadas ou presentadas en congresos científicos.
 - Relación detallada de xornadas, cursos, congresos científicos e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.
4. Balance de ingresos e gastos:
 - a) Ingresos:
 - Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
 - Débedas con entidades de crédito.
 - Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
 - Ingresos por cotas de socios e outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.
 - b) Gastos:
 - Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
 - Gastos de mantemento: arrendamento/alugueiro, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
 - Tributos.
 - Gastos e perdas de exercicios anteriores.
 - Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.
5. Reclamacións presentadas polas persoas usuarias: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 3 : DECLARACION RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REGISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZÓN SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
						IBAN			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:									
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:									
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.									
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:									
ORGANISMOS				ANO		IMPORTE (€)		DISPOSICIÓN REGULADORA	
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.									
2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:									
a) Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.									
b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.									
c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.									
Asimesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.									
3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.									
4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE									
Lugar e data									

